



ESTATUTOS

DENOMINACIÓN, ÁMBITO E DOMICILIO

TÍTULO 1

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art.- 1º.- Denominación

Constitúese no Concello de Lugo, unha Asociación que se denominará: ASOCIACIÓN "RAIOLAS - LUGO" e que se rexerá pola vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Art.- 2º.- Misión

A misión da Asociación é mellorar a calidade de vida e a rede de servizos para as persoas con TEA ou TCS e as súas familias, procurando a súa plena integración familiar e social.

Art.-3º.- Visión

A Asociación Raiolas - Lugo quere ser unha asociación capaz de responder ás necesidades cambiantes das persoas con TEA e/ou TCS e as súas familias, con eficacia; e ser un referente na provincia de Lugo na atención de persoas con TEA e as súas familias.

Art.- 4º.- Domicilio

O domicilio da Asociación radicarán en: Rúa Músico Manuel de Falla n.º 21 baixo, de Lugo.

Art.- 5º.- Personalidade.

A Asociación terá plena capacidade xurídica e de obrar, sendo a súa personalidade xurídica propia e independente da dos seus asociados, a teor do establecido na lexislación vixente e, en consecuencia, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos





termos previstos polos estatutos e as leis.

A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro e declarada de Utilidade pública, que destinará os posibles beneficios económicos que obteña no exercicio da súa actividade a ser reinvertidos no fin social da propia Asociación.

Art.- 6º.- Ámbito de actuación.

A Asociación desenvolverá as súas actividades dentro do ámbito territorial de: provincia de Lugo, a súa duración será indefinida e solo se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral convocada ao efecto e por calquera das causas previstas nas leis así como por sentenza xudicial firme.

Art.7º.- Fins, actividades e medios.

Son fins da Asociación:

- a) Defender a dignidade e dereitos das persoas con TEA e/ou TCS.
- b) Apoiar ás familias para mellorar a calidade de vida destas persoas.
- c) Promover a integración e normalización das persoas con TEA e/ou TCS na sociedade, co fin de que poidan desenvolverse coa máxima autonomía, así como a de promover actitudes sociais positivas para con estas persoas.
- d) Promover e xestionar programas, servizos, centros e actividades dirixidos a atender as necesidades das persoas con TEA e/ou TCS.
- e) Reivindicar a Organismos e Institucións Públicas a aprobación de lexislación e normas que garantan o establecemento de condicións sociais e económicas adecuadas para o cumprimento dos nosos fins.
- f) Reunir e difundir información especializada, realizar congresos, xornadas, conferencias, cursos, ... que peritan profundizar nas necesidades das persoas con TEA e/ou TCS.
- g) Representar ós seus membros alí onde proceda.





Para o cumprimento destes fins a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Promover e/ou xestionar a creación de centros de diagnóstico e avaliación especializadas, centros específicos de educación especial, aulas específicas, apoio á integración escolar, tránsito á vida adulta, gabinetes de atención especializada, centros de atención diurna, programas de emprego con apoio, servizos residenciais, centros de atención sanitaria e servizos médicos, servizos de lecer e tempo libre, así como o servizo de respiro.
- b) Facilitar servizos de apoio, orientación, formación e información ás familias e/ou persoas con TEA e/ou TCS.
- c) Ofrecer formación continuada ás persoas asociadas e ás persoas que traballan na asociación, así como prestar apoio ás persoas que traballan coas persoas con TEA e/ou TCS e pertencer a outras entidades.
- d) Promover a formación do voluntariado para a realización de actividades propias da asociación.
- e) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos e conferencias, e en xeral, a realización de actividades encamiñadas á formación de pais e nais, titores/as e profesionais relacionados con persoas con Trastornos do Espectro Autista.
- f) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras Asociacións ou entidades que realicen actividades con fins análogos, e incorporarse a Federacións, Confederacións, Entidades e Organismos de carácter provincial, autonómico estatal ou internacional dedicadas a fins similares.
- g) Promover a investigación científica no ámbito do autismo.

Art.- 8º.- Interpretación dos Estatutos.

A Xunta Directiva, como órgano de representación da asociación, será competente para interpretar os preceptos contidos nos Estatutos, someténdose en todo momento á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante acordo que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.





TÍTULO II

DAS PERSOAS SOCIAS, ADMISIÓN, CLASES, DEREITOS E OBRIGAS

Art.- 9º.- Clases de persoas socias

A Asociación estará integrada polos seguintes tipos de persoas socias:

- PERSOAS SOCIAS NUMERARIAS: Enténdese por persoas socias numerarias a un único representante por acordo da unidade familiar independentemente do número de persoas con TEA e/ou TCS existentes na familia (pai, nai, irmá ou persoa que ostente a patria potestade ou tutela) ou persoa con TEA e/ou TCS e que expresen libremente o seu desexo a pertencer á Asociación comprometéndose co proxecto común de Raiolas. A Xunta Directiva resolverá sobre as solicitudes, e si se adecúan ós requisitos anteriormente descritos.
- PERSOAS SOCIAS COLABORADORAS: inclúense nesta clase aquelas persoas físicas ou xurídicas, que contribúan á realización dos fins da Asociación ben coa prestación de determinados servizos ou mediante aportacións económicas ou materiais.
- PERSOAS SOCIAS HONORARIAS: Terán esta consideración as persoas físicas ou xurídicas nas que a Asamblea Xeral, a proposta da xunta directiva, aprecie circunstancias ou méritos relevantes que redunden en beneficio ou mellor servizo e cumprimento dos fins sociais.

As persoas socias numerarias quedan sometidas ás prescricións dos presentes Estatutos e aos acordos adoptados, nas súas respectivas competencias, polos Órganos de Goberno da Asociación.

Art. 10º.- Admisión

Para acceder á condición de persoa socia numeraria acreditarase a maioría de idade e ter plena capacidade de obrar, así como asumir a misión, principios e valores da Asociación que se recollen nestes Estatutos.

As persoas que queiran pertencer á Asociación como socios numerarios deberán presentar unha solicitude por escrito, acompañada da documentación que acredite os seus datos persoais así como os informes médicos e diagnósticos da persoa con TEA e/ou





TCS á que representan. Así mesmo deberá non ter contraída débeda económica coa Asociación.

As persoas socias numerarias quedan sometidas ao establecido nos presentes Estatutos e aos acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.

As persoas socias numerarias serán inscritas en ficheiros e Libros de Rexistro cos datos e circunstancias que exixa a lexislación aplicable.

Art. 11º.- Dereitos das persoas socias

- a) Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para todos os asociados así como nos seus órganos de goberno e representación.
- b) Asistir á Asamblea Xeral nos termos que prevean os Estatutos.
- c) Ter dereito de voz e voto nas Assembleas Xerais, que poderán exercelo con asistencia persoal, ou delegando en algún outro socio numerario que asista, mediante apoderamento especial he escrito ó seu favor. Este dereito non poderá exercerse se á data da Asamblea ten débedas coa Asociación.
- d) Ser usuario dos servizos, axudas, asesoramentos, actividades e atención que poida prestar a Asociación.
- e) Posuir un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- f) Ser informado sobre a composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do estado das contas e desenvolvemento da actividade da Asociación.
- g) Separarse voluntariamente da asociación en calquera momento cun preaviso de 15 días, sen que dea lugar a compensación económica algunha por aportacións realizadas ó patrimonio da Asociación.
- h) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei e os Estatutos.
- i) Expoñer á Xunta Directiva as iniciativas e suxestións que crea oportunas en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación a través dos procedementos establecidos.

Art. 12º.- Obrigas das persoas socias.

Serán obrigas de todos os asociados:

- a) Compartir os principios e as finalidades da Asociación e colaborar





para a súa consecución, actuando conforme ós seus valores.

- b) Implicarse e responsabilizarse nas actividades da persoa con TEA e/ou TCS.
- c) Acatar os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral.
- d) Aboar as cotas periódicas, derramas e outras contribucións que acorde a Asamblea Xeral.
- e) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que desempeñen.
- f) Colaborar coas actividades, accións e/ou eventos da Asociación sempre que os socios teñan coñecemento do acto por medio das persoas autorizadas pola Asociación así como colaborar na procura de socios colaboradores.
- g) Cumprir co resto de obrigas que resulten destes Estatutos e dos Regulamentos de Réxime interno.

Art. 13º.- Perda da condición de persoa socia.

As persoas socias poderán deixar de pertencer á Asociación de maneira voluntaria ou ben por acordo da Xunta Directiva, sendo as causas as seguintes:

- Incumprimento polo socio das obrigas que lle incumben de acordo con estes Estatutos.
- Non reunir, ou deixar de reunir, as circunstancias que motivaron a súa admisión.
- Morte ou Incapacidade Legal.
- Comportarse no seo da Asociación de forma que constitúa un impedimento ao normal desenvolvemento das actividades ou fins sociais.
- Realizar accións que danen a imaxe e creen un perxuízo á Asociación.

Art. 14º.- Réxime disciplinario

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aquelas persoas asociadas que os fagan indignos de seguir pertencendo á asociación, así como adoptar calquera outra medida contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales





medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado por Asamblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xuridición ordinaria.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art.- 15º.- Órganos de goberno.

A Dirección e Administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Art.- 16º.- Da presidencia da Asociación.

O/a Presidente/a da Asociación, que o será tamén da Xunta Directiva, asume a súa representación legal e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presidindo as sesións que realice unha e outra.

Art.- 17º.- Da Asamblea Xeral.

A Asamblea Xeral, integrada por todas as persoas socias numerarias, é o órgano supremo de goberno da Asociación, e os seus acordos obrigarán a todos eles.

Terán dereito a asistir con voz e voto á Asamblea Xeral todos as persoas socias numerarios que se atopen ó corrente das súas obrigas. Tamén poderán asistir ás Asambleas Xerais as persoas socias colaboradores e de honra, con voz pero sen voto.

Será obrigatoria a asistencia dos membros da Xunta Directiva; ademáis poderán asistir, se o autoriza a Xunta Directiva, os técnicos e calquera persoa cuxa opinión afecte á boa marcha dos asuntos da Asociación. Estas persoas terán voz pero non voto.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes ou representados con dereito a voto. En caso de empate, procederase a unha nova votación, e se persiste o empate, considerarse desestimada a moción ou proposta.

En caso de imposibilidade de asistencia á Asamblea, a persoa socia poderá delegar noutra; cada persoa socia non poderá ostentar máis de tres representacións. O documento que acredite tal delegación haberá





de ser presentado perante o Secretario/a da Asociación ó comezo de cada Asamblea identificando a persoa socia substituída e o nome daquel en quen delega.

Art. 18º.- Tipos de Assembleas.

As Assembleas poden ser ordinarias e extraordinarias, e estarán presididas polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

Art. 19º.- Convocatorias

A Asamblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, polo menos unha vez o ano, dentro do primeiro trimestre, establecendo que se realice o penúltimo sábado do mes de marzo, para aprobar a memoria de actividades da Asociación, a xestión da Xunta Directiva, o programa de actividades e aprobar, no seu caso, os presupostos do exercicio en curso, así como o balance e estado de contas correspondentes ao ano anterior e cantas outras cuestións se sometan á votación no capítulo de rogos e preguntas.

A Asamblea Xeral convocarase pola Xunta Directiva, con carácter extraordinario, cando o esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da Xunta Directiva ou o solicite un número de asociados non inferior a un tercio, quenes deberán indicar as cuestións obxecto da convocatoria, a fin de que a Xunta Directiva convoque dentro dos dez días seguintes ao resto de socios numerarios co correspondente orde do día. Para que teña validez esta assemblea extraordinaria, deben asistir obrigatoriamente todos os socios que asinaron o escrito que orixinou a convocatoria de dita Asamblea extraordinaria.

A convocatoria da Asamblea tanto Ordinaria como Extraordinaria realizarase a todos os socios numerarios cunha antelación de 15 días á data sinalada para a Asamblea. Dita convocatoria realizarase por comunicación escrita (carta, correo electrónico) ademais e publicala na páxina web e os taboleiros informativos da Asociación. Deberase facer constar o carácter de ordinaria ou extraordinaria, así como o lugar, data e hora en que se celebrará a Asamblea Xeral e a orde do día tanto en primeira como en segunda convocatoria

Art. 20º.- Competencias da Asamblea xeral Ordinaria.

Son competencias da Asamblea xeral Ordinaria:

- 1- Aprobación das contas do exercicio anterior e presupostos do exercicio en curso.





- 2- Mantemento e renovación dos membros da xunta directiva.
- 3- Aprobar o programa de traballo do exercicio en curso.
- 4- Nomear Socios Honorarios a proposta da xunta directiva.
- 5- Fixar as cotas de socios

Art. 21º.- Competencias da Asamblea Extraordinaria.

Son competencias da Asamblea Extraordinaria:

1. Modificación dos Estatutos.
2. Disolución da Asociación.
3. Fusión ou integración noutra Asociación ou Federación.
4. Disposición ou alleamento de bens.
5. Traslado de domicilio social a outra poboación.
6. Cambio de denominación e de actuación.
7. Aprobación Regulamento de Funcionamento da Asociación.
- 8 Resolver os recursos interpostos polos socios contra resolucións ou acordos da Xunta Directiva.
9. Decidir o cese de algún membro da Asociación, debidamente motivada e a proposta da Xunta Directiva.
10. Todos os asuntos que aínda que sexan competencia da Asamblea Ordinaria, pero cuxa solución non permita esperar ata a reunión desta, a xuízo da Xunta Directiva ou do número de Socios a que refire o artigo 19.
11. Dar resposta ás propostas presentadas por escrito e por un mínimo de cinco socios sobre algún dos puntos da orde do día.

Art.- 22º.- Quórum de asistencia.

As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias. quedarán validamente constituídas cando asistan a elas en primeira convocatoria a maioría das persoas socias (a metade máis unha), e en segunda convocatoria quedará validamente constituída calquera que sexa o número dos asistentes, sempre que haxa máis socios que membros da Xunta Directiva.

Art. 23º.- Quórum de votación.

Os acordos tomaranse, tanto nas Assembleas Ordinarias como Extraordinarias pola maioría simple, é dicir, a metade máis un de votos das persoas socias numerarias asistentes tanto en primeira como en segunda convocatoria, excepto nos casos que a continuación se





enumeran onde se exixirá a 2/3 partes dos socios numerarios asistentes.

- Modificación de estatutos.
- Disolución da Asociación
- Fusión ou integración con outra Asociación ou Federación.
- Disposición ou alleamento de bens.
- Traslado do domicilio social ou o ámbito de actuación.

Art. 24º.- Actas.

De cada Asamblea Xeral levantarase unha Acta redactada polo/a Secretario/a no libro correspondente, e nela deberá reflectirse: data, asuntos tratados e acordos adoptados, indicando o *quórum* de votación e asistencia obtidos. As actas serán subscrias, en todo caso polo/la Presidente/a e o/a Secretario/a da Asociación.

Art. 25º.- Impugnación de acordos.

Os acordos adoptados na Asamblea, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán ser impugnados por calquera persoa socia numeraria si o estimase contrario ó ordenamento xurídico polos trámites legais que correspondan, con arranxo ao establecido na lexislación vixente.

A persoa socia ou persoas socias numerarias que se propoñan impugnar un acordo de Asamblea, remitirá por escrito causa xustificativa de dito acto, a fin de que na Asamblea seguinte se volva a proceder á votación de dito punto. É independente o libre exercicio perante a xurisdición ordinaria da acción legal, dentro do prazo legal establecido no artigo 40 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de maio, reguladora do dereito de Asociación, a partir da data de adopción do acordo.

Art. 26º.- Da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación investida das máis amplas

facultades, atribucións e poderes para dirixir, xestionar, administrar, representar xudicial e extraxudicialmente á Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asamblea Xeral. Estará formada por, un/unha presidente, un/unha secretario/a, un/unha tesoreiro/a e, polo menos, dous vogais. Resérvase un dos cargos na Xunta Directiva para ser ocupado por unha persoa socia con TEA. No caso de non haber persoas candidatas a ese cargo, este pasará a estar dispoñible para

Estatutos Raiolas 22-03-2025





unha persoa socia non TEA.

En todo caso, só poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas que ostenten a condición de socios numerarios, que sexan maiores de idade, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Art.- 27º.- Elección.

Os membros da Xunta Directiva serán elixidos pola Asamblea Xeral, de entre tódalas candidaturas que se presenten cunha antelación mínima de vinte días á data da realización da Asamblea, resultando elixida de entre todas elas aquela que obteña máis votos, tras un previo proceso no que se fará a presentación de cada unha delas e do seu programa de goberno pola persoa que as encabece. Nas candidaturas presentadas á Xunta Directiva, cando ésta sexa renovada na súa totalidade, deberán estar perfectamente determinados e distribuídos os distintos cargos entre os seus integrantes.

Os cargos da Xunta Directiva durarán un período de catro anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección. Cada dous anos renovarase parcialmente a Xunta Directiva, renovación que se realizará de maneira alternativa en dous ou tres cargos. A Xunta Directiva terá en calquera caso potestade para redistribuir os cargos dos membros que a compoñan.

No caso de vacante dalgún dos cargos e, en todo caso, no non previsto ao respecto nestes Estatutos, a Xunta Directiva poderá nomear provisionalmente á persoa que estime axeitada, ata a nova elección de cargos.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

No caso de non continuidade da totalidade da Xunta Directiva, e se nun prazo máximo de dous anos dende que dita Xunta se atope en

funcións, non se presentase ningunha candidatura alternativa á elección, a propia Xunta Directiva en funcións poderá facer efectiva a súa renuncia. Paralelamente, a Asamblea Xeral nomeará unha Comisión Xestora que exercerá como tal un período máximo dun ano, no cal se deberán convocar eleccións para ser elixida unha nova Xunta Directiva.

Se non houberse un mínimo de catro socios dispostos a formar parte de dita Comisión Xestora, a propia Xunta Directiva en funcións quedará





facultada para iniciar o proceso que se acorde na Asamblea. Preferirase a integración noutra Asociación de fins similares, dirixidos a persoas con TEA e/ou TCS, que manteña ou inclúa o mesmo ámbito de actuación para garantir na maior medida posible os servizos prestados ás familias que nese intre pertencen a Asociación. De non ser isto factible, iniciárase o proceso de liquidación da Asociación, segundo o recollido no título IV (artículo 39 e seguintes) dos presentes Estatutos.

Os membros da Xunta Directiva non recibirán retribución polo cargo desempeñado.

Art.- 28º.- Funcións

Ademáis de cantas outras lle correspondan estatutariamente, son atribucións da xunta directiva:

- Realizar coa maior amplitude calquera actos e contratos de representación, disposición, adquisición, xestión, administración e goberno da Asociación que non estean expresamente reservadas á Asamblea xeral, salvo que esta, pola súa natureza de delegables, as delegare expresamente na xunta directiva.
- Por medio do seu presidente e/o das persoas debidamente apoderadas ó efecto, representar á Asociación en toda clase de actos e contratos ademáis de comparecer ante calesquera persoas, Entidades, Organismos, Centros, Dependencias, Xurisdicións, Xulgados e Tribunais.
- Diseñar o programa anual de traballo da asociación, presentala á asamblea para a súa aprobación e velar polo seu correcto desenvolvemento ao longo do ano.
- Aceptar bens, accións e dereitos para a súa adquisición pola Asociación mediante calquer título lucrativo, previas no seu caso, as autorizacións precisas.
- Vixiar a observancia e cumprimento dos Estatutos, así como das normas de funcionamento que impoña a Asociación.
- Convocar as Assembleas Xerais co correspondente orde do día e cumprir, facer cumprir e executar os seus acordos.
- Propoñer o cese de socios de número e o nomeamento de socios honorarios á Asamblea Xeral.
- Resolver sobre as solicitudes de admisión de socios e colaboradores.
- Redactar a Memoria e Contas Anuais de acordo coa lexislación vixente, así como o Proxecto e a Liquidación de Presuposto para o seu sometemento á Asamblea xeral.





- Promover as axudas e xestións que se estimen convenientes ou beneficiosas para as persoas con TEA e/ou TCS.
- Convocar a Asamblea xeral Extraordinaria, cando a solicite un tercio dos socios de número.
- Crear comisión ou grupos de traballo.
- Nomear e despedir ao persoal da Asociación, así como fixar a súa remuneración, dacordo co establecido nas leis e disposicións legais.
- Formalizar pólizas de crédito ou calquera outra operación bancaria ou de préstamos para asegurar o funcionamento dos centros e o cumprimento dos fins sociais, sempre que estas non supoñan compromiso do máis dun 15% do Presuposto anual da entidade. As operacións de tal tipo que excedan de dito límite requirirán da previa aprobación da Asamblea xeral.
- Nomear si o cre conveniente un Director xerente que actuará no nome da Asociación con poderes delegados do Presidente e co consentimento da Xunta Directiva, nas materias que lle sexan encomendadas.
- Velar polo trato ético hacia as persoas con TEA, exento de malos tratos físicos e psicolóxicos e promover a defensa dos seus dereitos.

Art. 29º.- Sesións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de polo menos tres dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo membro da Xunta Directiva que se designe.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo precisa a concurrencia, polo menos da metade máis un dos seus membros, incluídos o Presidente e o Secretario ou quen estatutariamente os substitúan. Das sesións o Secretario, ou no seu defecto, o Vicesecretario, se o houbese, levantarán acta, que se transcribirá ao Libro de Actas.

Art.- 30º.- Das comisión ou grupos de traballo.

Os membros da Xunta Directiva constituirán as comisións ou grupos de traballo que consideren oportuno, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de demandar delas as informacións necesarias.

Art.- 31º.- Do/a Presidente/a.

O presidente da Xunta Directiva será elixido por maioría simple dos





seus membros. Son funcións do Presidente, ademáis das facultades asignadas no artigo 16º, as seguintes atribucións:

- a) A dirección e representación legal da Asociación.
- b) Convocar e presidir as sesións da Xunta Directiva e da Asamblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade no caso de empate.
- c) Velar pola execución dos acordos adoptados na Asamblea xeral e na Xunta Directiva.
- d) Coidar o debido cumprimento dos Estatutos.
- e) Propoñer o plano de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- f) Ordenar e autorizar coa súa sinatura, xunto á do/a tesoreiro/a os pagamentos acordados válidamente con cargo aos fondos da asociación.
- g) O Presidente estará asistido nas súas funcións pola Xunta Directiva.

Substituirá ao/á Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade o vogal da Xunta Directiva de maior idade.

O/a Presidente/a poderá delegar determinadas funcións de representación e xestión en que desempeñe a xerencia, se a houbera, así como as facultades de xestión de fondos da Asociación, ademáis de todas as que se lle atribúan, todo elo cos necesarios mecanismos de control e intervención establecida polos cargos da Xunta Directiva.

Art.- 32º.- Do/a secretario/a.

O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o Libro de Rexistro de Socios e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Auxiliarao nas súas funcións e substituirao nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade o primeiro vogal da Xunta Directiva.

Incumbirá de maneira concreta ao/á Secretario/a, velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade, expedindo certificacións das actas e dos acordos tomados polos órganos de goberno e representación co visto e prace do Presidente.





Art. 33º.- Do/a tesoureiro/a.

Son funcións do tesoureiro/a:

- a) Custodiar os fondos pertencentes á Asociación
- b) Auorizar coa súa sinatura, xunto co/a presidente/a, os pagos que deban facerse no nome da Asociación.
- c) Ser responsable dos libros de tesourería e de contabilidade.
- d) Preparar o proxecto do presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentadas á Xunta Directiva, para que esta a súa vez, os someta á aprobación da Asamblea Xeral.
- e) Emitir informes sobre asuntos financeiros e económicos da Asociación.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art.- 34º.- Do patrimonio fundacional.

A Asociación carece de patrimonio fundacional.

Art.- 35º.- Bens e recursos da Asociación.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a) As cotas, aportadas polos socios numerarios e colaboradores, tanto ordinarias como extraordinarias, tanto as ordinarias e periódicas establecidas con carácter xeral, como as que se establezan para a atención de fins ou actividades concretas
- b) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda recibir en forma legal.
- c) Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins estatutarios.

Art.- 36º.-Exercicio económico.

O exercicio económico coincidirá co ano natural.





Art. 37º.- Do Presuposto.

Para cada exercicio económico confeccionarase un presuposto ordinario, cos ingresos e gastos correntes na normal actividade da Asociación, de acordo co seu programa xeral de actuacións.

O presuposto deberá estar nivelado sen que as previsións de gastos poidan exceder das previsións de ingresos. O presuposto do exercicio corrente será presentado pola Xunta Directiva para a súa aprobación, á Asamblea xeral Ordinaria, que se reunirá dentro dos tres primeiros meses do ano natural, o penúltimo sábado do mes de marzo.

No caso de que un exercicio peche en negativo, o presuposto do ano seguinte deberá incluír a listaxe dos pagos, ou previsións de pago correspondentes ó exercicio anterior e non abonado.

Art. 38 .- Obrigas documentais e contables.

A Asociación disporá dunha relación actualizada dos seus asociados e asociadas, levará unha contabilidade que reflicta a imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun Libro de Actas as reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.

A administración dos fondos da Asociación, levarase a cabo, sometida á correspondente información e intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que tódolos asociados podan ter coñecemento periódicamente do destino dos fondos. Para dispoñer dos fondos serán necesarias dúas sinaturas, a do/a presidente/a e a do/a tesoureiro/a.

Art.- 39º.- Disolución da Asociación.

A Asociación disolverase:

- Por libre vontade dos socios cun quórum exigido no artigo 23, unha vez esgotados todos os supostos preferentes recollidos no artigo 27 dos presentes estatutos.
- Por senteza xudicial.
- Por concorrencia das causas establecidas nas leis especiais ou na Lei Orgánica 1/2002.
- Cando se declare nula ou disolta por aplicación da lexislación civil.

Unha vez chegado ó acordo de Disolución pola Asamblea xeral, ésta deberá resolver si a Xunta Directiva vixente ata ese momento se encargará das tarefas de liquidación ou si se nomea para tal fin a unha Comisión liquidadora.





Art. 40º.- Liquidación.

O acordo de disolución ou extinción da Asociación porá fin ás súas actividades ordinarias, comenzando as operacións de liquidación, nas que actuarán de liquidadores a Comisión Liquidadora, si existira e, no seu defecto, os membros da Xunta Directiva, segundo a decisión da Asamblea Xeral que acordara a disolución da Asociación.

A Asociación conservará a súa personalidade durante o período de liquidación.

Art. 41º.- Excedente da liquidación.

Unha vez liquidado o haber pasivo e unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, será entregado a unha entidade sen ánimo de lucro designada pola Asamblea no momento de acordar a disolución. Os fins de dita entidade serán: promover e xestionar programas, servizos, centros e actividades dirixidos a atender as necesidades das persoas con TEA e/ou TCS. Esta entidade deberá ter incluída a provincia de Lugo no seu ámbito de actuación.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos quedan aprobados na sesión extraordinaria da Asamblea Xeral do 22 de marzo de 2025 e substitúen aos anteriormente rexistrados mediante resolucións de 15 de maio de 2000, de 7 de xullo de 2015, de 18 de marzo de 2017 e 17 de outubro de 2019.

Dilixencia:

M^a Inés Flores Lozano, titular da Presidencia, e Juan Gonzalo Díaz Rouco, titular da Secretaría da Asociación Raiolas Lugo, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 22 de marzo de 2025, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Lugo, a 20 de abril de 2025.

A presidenta

O Secretario

Ines Flores Lozano

Juan Gonzalo Diaz Rouco

